

Existe unha antiga lenda que afirma que o Castelo de Andrade e o "Torreón" da vila de Pontedeume estaban unidos por un pasadizo secreto. Algunhas lendas quedan simplemente como un relato fantástico, pero do que non temos dúbida é de que a vila e torre estaban unidos ao Castelo por un camiño coñecido como o "Camiño Real". A nosa ruta recupera unha boa parte deste itinerario para conectar estes dous referentes do patrimonio histórico-arquitectónico eumés, unindo o centro da vila coa Pena Leboeira onde foi construído o castelo, a máis de 300 m. sobre o nivel do mar.

Ao longo dos seus 5 quilómetros de distancia, a ruta percorre lugares e puntos de especial relevancia patrimonial, histórica, artística, relixiosa, etnográfica e antropolóxica.

Desde o Torreón dos Andrade imos ata o Paseo Marítimo; no seu extremo leste, xunto ao río Covés no lugar de Esteiro, comeza a ruta sinalizada. O itinerario está indicado mediante sinais verdes, debendo continuar pola mesma pista ou camiño namentres non atopemos a seguinte. Segundo continuamos, iremos gozando das mellores panorámicas sobre a vila de Pontedeume e ría de Ares, e atopando os seguintes puntos de interese:

- 1 -

cursos fluviais que, pola súa disposición orográfica, son especialmente axeitados para o seu aproveitamento como forza motriz, e como tal foron explotados polos monxes do mosteiro de Sobrado que tiveron unha granxa no couto de Nogueirosa e posuíron alí catro muíños ata o século XVIII. Neste traxecto da ruta podemos observar un muíño dissociado, constituído por unha estancia illada a carón do curso fluvial, no que se moían millo e trigo; e outro encostado a unha vivenda, sobre unha canle que provén do regato, de pequeno tamaño, uso particular e en bo estado, no que se moía millo.

FONTES DO SILVAR, DAS COLMEAS E DO EMPEDRADO; CRUZ DE O BARRAL: a ruta continua polo antigo Camiño Real pasando por diversas fontes nas que descansar e refrescarse. A fonte das Colmeas conta cunha cruz inscrita, mais é recomendable a parada na fonte do Empedrado no mesmo lugar de O Barral de Arriba, construída no ano 1931 e que conta cun banco ao seu carón. Desde esta fonte pódese apreciar a "Cruz de O Barral", resto dun antigo cruceiro de brazos octogonais realizado probablemente no século XIX por mor dunha promesa, recordo dun acontecemento ou simplemente por devoción. Como a maioría dos cruceiros, constitúe un interesante exemplo da relixiosidade popular galega.

- 4 -



CAPELA DO CARME, no lugar de Esteiro: edificio do século XVIII, dun barroco sinxelo de ámbito rural. Foi unha fundación privada que no século XIX pasou a formar parte da familia Azpilcueta (con posesións na parroquia de Nogueirosa), sendo estes os últimos posuidores ata que cederon a súa propiedade ao arcebispado de Santiago en 1907. Na finca de enfrente da fachada principal estaba a chamada "Barraca do Conde", un lugar de almacenamento das rendas que percibían os herdeiros dos condes de Andrade.

Parte deste almacenamento efectuábase nun gran **HÓRREO** do que soamente se conservan as bases. Os hórreos son un dos elementos máis característicos da cultura tradicional galega, sendo erixidos para secar e preservar a colleita, que ficaba illada do chan e dos roedores, xeralmente preto da eira (lugar onde se separaba a palla do gran) e nun lugar aireado. No século XVII, coa introdución do cultivo do millo, a tipoloxía e funcionalidade cambiaron. Na Comarca do Eume predomina o tipo "Cabanas": planta rectangular, tornarratos de pedra, cámara con táboas en vertical e separacións para a ventilación; cuberta de lousa a dúas augas, e acceso a través dunha escaleira ata unha única porta nun dos costais. É tamén habitual que teñan unha cruz a modo de

- 2 -



Pouco despois desta fonte a ruta chega ao lugar de A Viña, onde se desvía do antigo Camiño Real que a partires deste punto resulta intransitable. Uns 100 m. despois deste lugar a ruta vira á esquerda para continuar por un camiño de terra que nos permite ir vendo a nosa meta desde diferentes recunchos.

Continuaremos este camiño ata alcanzar a pista asfaltada que leva ao pé do Castelo, punto no que remata a sinalización da ruta. Aquí tomamos á esquerda para continuar por esta pista durante uns 150 m. ata o **CASTELO DE ANDRADE**.



www.pontedeume.gal
www.facebook.com/concellodepontedeume
correo@pontedeume.gal

protección contra o mal. Temos máis exemplos ao longo da ruta, como no lugar de O Silvar ou de A Viña.



RELOXO DE SOL na antiga casa dos Azpilcueta: poucos metros despois da capela, poderemos contemplar o único reloxo de sol que se conservou no Concello de Pontedeume.

FONTE E LAVADOIRO no lugar de A Graña: as fontes e lavadoiros eran puntos fundamentais para a economía doméstica, especialmente destinados a tarefas femininas como o abastecemento de auga para os labores cotiás ou lavar a roupa. Mais tamén constituían un espazo destacado de sociabilidade comunitaria no que tiñan lugar encontros, conversas, intercambio de novas, etc. A fonte de A Graña foi canalizada en 1933; o lavadoiro, público, é de recente construción.

MUIÑOS DO REGO DA GRAÑA: como no caso de fontes e lavadoiros, os muíños foron fundamentais para a sociedade galega tradicional. Básicos para a economía e produción campesiñas, foron tamén espazos de xuntanza e sociabilidade, sobre todo para os máis novos que realizaban as "muiñadas". O rego da Graña e o río Covés no que desemboca son





- 3 -

ROTEIRO PEONIL AO CASTELO DE ANDRADE



ROTEIRO PEONIL CASTELO DE ANDRADE


Concelleria de Turismo



CAPELA DO CARME



RELOXO DE SOL



LAVADOIRO



MUIÑO



FONTE DE O SILVAR



HÓRREO



FONTE DAS COLMEAS



FONTE DO EMPEDRADO



CRUZ DE O BARRAL

